

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

O goberno central vén de aprobar o Real Decreto 900/2015, de 9 de outubro que regula o subministro e a produción de electricidade mediante autoconsumo. Na norma inclúese o chamado “imposto ao sol”, que grava a enerxía producida mediante paneis fotovoltaicos para aquelas instalacións que se conecten á rede (a maioría), e supón un atranco ao desenvolvemento das chamadas enerxías limpas.

O goberno xustifica a peaxe ao sol dicindo que todo o que usa a rede debe sufragala, pero non se establece ningún mecanismo que compense a cantidade de enerxía non consumida polos pequenos produtores verquida á rede, ademáis de manterse unha inadmisíbel equidistancia a respecto do tipo de enerxía que se produce nun momento en que o que cómpren son políticas de discriminación positiva coa produción de enerxías renovables.

O Real Decreto é unha mostra máis de como no Estado español a sombra do lobbie eléctrico sobre o goberno é moi alongada e do nulo interese por parte do goberno de Mariano Rajoy de cumprir os obxectivos fixados pola UE de reducir as emisións de CO2 nun 40% en 2030 e aumentar nun 27% a produción de enerxía renvable para o mesmo ano.

Por todo o exposto con anterioridade o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Pregunta oral en Comisión:

- 1) Cal é a opinión da Xunta de Galicia sobre o Real Decreto 900/2015, de 9 de outubro?

- 2) Fixo algunha estimación a Xunta de Galicia sobre as consencuencias que pode traer este Real Decreto para os produtores de enerxías limpas no noso país?
- 3) Fixo algún cálculo a Xunta de Galicia sobre o impacto ecolóxico que pode ter no noso país os atrancos á produción de enerxías limpas que introduce este Real Decreto?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 27/10/2015 18:53:24